




CÓDIGO PARA O CONTROL DO TABACO DAS ORGANIZACIÓNS PROFESIONAIS SANITARIAS

Os profesionais da medicina, enfermaría, odontoloxía, psicoloxía, psiquiatría, farmacéuticos, matronas, e outros profesionais relacionados coa saúde, son profesionais sanitarios cuxo papel e recoñecemento social resulta esencial para protexer a poboación e promover estilos de vida sen tabaco. A través das súas actividades profesionais poden axudar a poboación, aconsellando, orientando e dando respostas a todas aquelas preguntas relativas ao tabaquismo e aos seus efectos para a saúde. Por medio das súas asociacións, tamén teñen un impacto nos ámbitos nacional e internacional influíndo no cambio das políticas para un mellor control do tabaco.

Este código foi desenvolto por representantes de organizacións internacionais de profesionais sanitarios no ámbito mundial. Contén 14 puntos de acción que esbozan o papel potencial que poden xogar os profesionais sanitarios e as súas organizacións no control do tabaco ao conseguir obxectivos de saúde pública e inclúe o apoio para o proceso do convenio marco para o control do tabaco da OMS.

Para contribuír activamente á redución do consumo do tabaco e incluír o control do tabaco na axenda de Saúde Pública nos ámbitos nacional, rexional, e global, acórdase que as organizacións de profesionais sanitarios:

-  Animarán e apoiarán os seus membros a ter un **papel modélico**, non fumando e promovendo unha vida sen tabaco.
-  **Valorarán e considerarán** os patróns de consumo e as actitudes de control de tabaco dos seus membros a través de enquisas e da introdución de medidas axeitadas.
-  Farán que as súas propias **sedes e eventos sexan sen tabaco**, e animarán os seus membros a facer o mesmo.

-  Incluirán o control do tabaquismo na axenda de todos os **congresos e conferencias** relacionados coa saúde.
-  **Aconsellaránlles** aos seus membros que, de xeito habitual, lles pregunten aos seus pacientes ou clientes sobre o seu consumo de tabaco e a exposición ao fume ambiental deste. Usando prácticas baseadas na evidencia, darán consello en como deixar de fumar, e asegurarán un seguimento axeitado nos seus obxectivos de cesación.
-  Influirán para que as institucións sanitarias e os centros educativos inclúan o control do tabaco nos seus programas, a través de **educación continuada** e outros **programas formativos**.
-  Participarán activamente na celebración do **Día Mundial Sen Tabaco** o 31 de maio.
-  **Absteranse** de aceptar calquera apoio (financeiro ou de outro tipo) e de investir na industria tabaqueira, e animarán os seus membros a facer o mesmo.
-  Asegurarán que a súa organización teña unha política expresa sobre calquera relación, comercial ou doutro tipo, con socios que teñan relación ou intereses coa industria tabaqueira, a través dunha **declaración de interese**.
-  **Prohibirán a venda ou promoción** de produtos de tabaco nas súas sedes, e animarán os seus membros a facer o mesmo.
-  Apoiarán activamente os gobernos en proceso de sinatura, ratificación, e desenvolvemento do **convenio marco para o control do tabaco da OMS**.
-  **Dedicarán recursos financeiros** e doutro tipo ao control do tabaco, incluíndo recursos específicos para levar a cabo este código.
-  **Participarán** nas actividades de control do tabaco das redes de profesionais sanitarios.
-  Apoiarán as campañas para conseguir **lugares públicos sen fume**.